



FIRMADO O CONVENIO SEN REFERENDO PAREMOS A CLASIFICACION PROFESIONAL

Desde o principio falamos dende a Coordinadora de Burgos da necesidade de unirse para dar unha posibilidade de defensa aos traballadores e traballadoras. As boas perspectivas de mobilización que barallábamos cumpríronse e alí onde os convocantes tiñamos presenza (Galicia, Euskadi, Barcelona, Madrid e parte de Andalucía), os resultados dos paros foron importantes. Pero, ademais, incorporáronse folguistas en moitas outras provincias e moitos afiliados e afiliadas ós sindicatos asinantes do convenio participaron tamén nos paros.

Con estas mobilizacións logramos, en suma, acabar coa apatía desmobilizadora creada polo Comité Intercentros, que por todos os medios impediu unha mobilización unitaria para conseguir un convenio que se acercara verdadeiramente ás reivindicacións dos traballadores e traballadoras.

Estas mobilizacións, ademais, serviron para que o convenio firmado sexa menos malo, xa que todas as melloras que houbo sobre as propostas iniciais da empresa producíronse despois de que empezaran os paros.

De todas formas e a pesares destas mobilizacións, **CCOO, UGT e STC firmaron un convenio que non ten nada que ver coas reivindicacións do cadro de persoal e nin sequera coa propia plataforma do Comité Intercentros** e que deixa os aspectos máis conflictivos do modelo de Clasificación Profesional que quere a empresa, para desenvolverlos nunhas mesas nas que só estarán eles.

Pero no nos poden enganar. Coas mobilizacións conseguimos que no firmen ese modelo no mesmo convenio como, sen dúbida, tiñan previsto, pero van a intentar facelo ás costas do cadro de persoal, nesas mesas na que só están a empresa e os sindicatos dóciles.

Pero nese intento van a volver a ternos enfronte. Porque é patente que o **firmado non o quere ningún.** Nin os que fixemos a folga nin os que non a fixeron, nin afiliados dos sindicatos que convocamos nin dos que non convocaron. **Só faltaba mostrar o rexeitamento nun referendo vinculante para todos os sindicatos, pero CCOO e UGT tamén o rexeitaron.**

Facemos un chamamento a todo o cadro de persoal para que se sume ó rexeitamento do asinado e en defensa dos seus intereses. Xogámonos o noso salario (¿alguén se cree que lle van a respectar o “salario complementario” durante 15 ou 20 anos de vida laboral?), os nosos dereitos e, sobre todo, os dos nosos xoves, que se encontrarán con unhas condicións moito peores que as que nosoutros tivemos: as que gañamos e as que nos legaron outros que loitaron antes de que nosoutros chegáramos.

Pois ben, non todo se acaba aquí, acaba de empezar, temos moito traballo por diante; despois das vacacións, en setembro, volveremos á carga. Non vamos a deixar que desenvolvan “o seu convenio”. Temos alternativas, e xa o demostramos, mellor dito, nosotr@s e vosotr@ demostrámolo coas mobilizacións contra as propostas empresariais.

Desde a Coordinadora Unitaria decimosovos que non vamos a deixar que uns poucos impoñan algo tan trascendente ó cadro de persoal sen consultalo. Por eso vamos a seguir coordinándonos e poñer todos os medios que teñamos para que **NON SE DESENVOLVA ESTE CONVENIO, NIN A CLASIFICACIÓN PROFESIONAL, NIN O TURNO PARTIDO OBRIGATORIO, NIN OS DISCRIMINATORIOS ACORDOS FIRMADOS PARA O COLECTIVO PROCEDENTE DE TERRA E DATA, NIN...**

4 DE JULIO 2008

¡¡ULTIMA HORA!!

A EMPRESA ABRIU EXPEDENTES POR FALTA MUY GRAVE A 9 COMPAÑEIROS E COMPAÑEIRAS DE MADRID DOS SINDICATOS AST, COBAS, CGT Y STC.

A empresa tomou esta iniciativa seguindo a liña marcada por CCOO e UGT nas resolucións que está presentando nos Comités de Empresa, en nas que terxiversa os feitos acaecidos no Distrito C durante o paro do día 26 de xuño, dicindo que houbo agresións contra eles, cando o único que pasou foi que unha delegación de 4 representantes dos e das traballadoras que se estaban manifestando o día da folga se dirixiron de maneira pacífica ás sedes de CCOO e UGT para manifestarlles o rexeitamento dos e das manifestantes á sinatura do convenio, encontrando ditas sedes pechadas e sen ninguén dentro. ¿A quén se agrediu se no había ninguén nas sedes de estes sindicatos?

Os sindicatos asinantes de este escrito no vamos a permitir que se expediente a unhas persoas por ser consecuentes na defensa dos dereitos dos e das traballadoras, polo que **EXIXIMOS A RETIRADA INMEDIATA DOS EXPEDIENTES** e pedimos o cadro de persoal que se solidarice coas persoas expedientadas, esixindo así mesmo a retirada dos expedientes e secundando as medidas que se puideran convocar se a empresa non os retira.

